

FACER UN BOOKTUBE

O primeiro que teñen que facer é escoller a lingua que van usar. Teñen que ter en conta que ao meter subtítulos non hai opción galego polo que igual teñen que modificar máis cousas que se usan o castelán.

1. **Portada:** Poden usar a nosa portada ou crear unha diapositiva con Canva ou con PowerPoint. Se poden, que usen a letra opendyslexic (está dispoñible en Canva).
2. **Música de intro:** Poden usar a nosa música, outra da súa elección ou deixalo sen música.
3. **Crear o booktube:**
 - a. Elaborar o texto en formato .TXT (é dicir co programa bloc de notas) ou facelo en Word e COPIAR E PEGAR no bloc de notas. NON gardar como .TXT no Word porque o teleprompter cambiará os acentos e os ¿ por outros símbolos.
 - b. Pensar e buscar as fotos que queiran insertar así como a imaxe de fondo que queiran usar. Poden coller a imaxe de fondo en internet ou creala eles. Senón tedes algunhas imaxes na carpeta. Se queren que lles creemos algo específico para o seu booktube que nos poñan por escrito claramente o que queren.
 - c. Teñen que practicar varias veces o texto antes de gravar. Primeiro, para non ler demasiado no teleprompter, xa que se nota moito. E segundo, que pensen as pausas e os xestos que queiran facer para logo poder insertar as fotos adecuadamente.
 - d. Gravar.
4. **Gravar:**

Lembrede: precisan 2 tablets e 2 trípodes.

 - a. Nunha tablet (a que está fronte ao alumno) descargar o texto (formato .TXT).
 - b. Abrir a aplicación “Teleprompter” e cargar o documento. Axustar o tamaño da letra, a velocidade de lectura e axustar tempo da entrada.
 - c. Na outra tablet (coa que se grava) abrir a aplicación “Capcut” e gravar. Teoricamente, non fai falla andar nas luces, só encedelas, aínda así, a aplicación que as controla ten o mesmo nome que a marca dos focos.
 - Ao gravar ten que haber silencio absoluto pois escóitase todo.
 - Se non gravades en Polos tedes que buscar un fondo liso.
 - Como vimos na formación o pelo cano e loiro da “problemas” no vídeo fixémoslo con fondo branco.
 - Que non vistan da mesma cor que o fondo co que se graven.
5. **Editar o booktube co “Capcut”:**
 - a. Poñer a portada e a música.
 - b. Poñer a imaxe de fondo.
 - c. Dar a “superposición” e insertar o vídeo do booktube.

- d. Dar a recorte. Hai dúas opcións, dar a “chromekey” ou dar a “quitar fondo”. O vídeo de Ana la de Tejas Verdes o fixemos con “quitar fondo”.
- e. Axustar o vídeo, a imaxe de fondo e ir insertar as fotos.
- f. Poden engadir un final ou deixalo libre pero que quiten a imaxe final onde aparece “Capcut”
- g. Insertar subtítulos automáticos e correxilos.

Tempos estimados:

Lectura: 8 -1 de febreiro.

Preparar o texto e practicar: 5-23 de febreiro. (Coincide co Entroido).

Gravar e editar o booktube: 26-22 de marzo.

Levaralles moito gravar e editar así que se rematan pronto unha etapa que pasen á seguinte.